

*PUBLICADAS as bases reguladoras das **axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais**, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan en réxime de concorrencia competitiva (Galicia rural emprende).*

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190104/AnuncioO92-131218-0004_gl.html

Serán subvencionables os proxectos dirixidos a crear emprego nas zonas rurais mediante axudas á primeira implantación e desenvolvemento de novas actividades económicas non agrarias viables, que deben contribuír á diversificación económica, crecemento de emprego, sustentabilidade do medio rural e equilibrio territorial, tanto en termos económicos como sociais.

Con carácter xeral serán subvencionables as seguintes actividades:

- a) Obradoiros e fábricas destinados á produción de bens e materiais.
- b) Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, cando o produto final do proceso de transformación e/ou comercialización derivado dos investimentos non estea incluído no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE).
- c) Prestación de servizos en calquera sector económico (agricultura, silvicultura, sector industrial e de servizos...).
- d) Prestación de servizos sociais (gardarías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, granxas escola...).
- e) Actividades de lecer, recreativas e deportivas.
- f) Artesanía e actividades artesanais.
- g) Actividades baseadas nas novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), innovación tecnolóxica e comercio electrónico.
- h) Actividades nos sectores da enxeñaría, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial, contabilidade, veterinaria.
- i) Comercio retalista de produtos non incluídos no anexo I do TFUE.
- j) No sector da restauración turística, exclusivamente a creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras (pazos, muíños, patrimonio industrial, pallozas, faros...) e que vaian ofertar unha cociña baseada na gastronomía galega tradicional ou que con ese substrato propoñan técnicas innovadoras ou fusións con outras gastronomías do mundo.

Os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Non ter comezado antes da presentación da solicitude de axuda.
- b) Os gastos e/ou investimentos incluídos no plan de negocio que deberá presentar o solicitante terán que estar localizados no centro de traballo da empresa en Galicia.
- c) Será obrigatoria **a creación dun mínimo de 1 emprego, ben sexa por conta propia ou indefinido por conta allea.**

Beneficiarios

- a) Os **titulares ou membros dunha unidade familiar dunha explotación agraria** que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas e que desenvolvan o seu proxecto na propia explotación.
- b) As microempresas e pequenas empresas de nova creación ou que inicien unha actividade distinta á que tiñan no momento da solicitude da axuda.
- c) **As persoas físicas que residan nunha zona rural e que creen unha nova empresa ou que inicien unha actividade distinta á que tiñan no momento da solicitude** da axuda.

A axuda consistirá nunha prima cuxa contía básica se establece en 20.000 euros, que se poderá incrementar ata un máximo de 70.000 €

PRAZO DE SOLICITUDES: 04/03/2019

O prazo máximo de execución dos proxectos rematará na data establecida na resolución de concesión, sen que nunca poida exceder **o 20 de outubro de 2020**, e o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máximo o 30 de outubro 2020.

O beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento da primeira cota da axuda concedida (60 %) como máximo o 30 de outubro de 2019 para o exercicio 2019 e como máximo o 31 de marzo de 2020 para o exercicio 2020.

PROCEDIMENTO: IG501 A

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IG501A>